

Texto: **CELSO EMILIO FERREIRO**
 Imaxes: **BALDO RAMOS**
 Escolma e biografía: **RAMÓN NICOLÁS**

Encadernado en cartóné. Colección Trece Lúas
 52 páxinas. Formato despregable. 15x23,5 cm.
 ISBN 978-84-96957-30-5
 Prezo: 15 €


CELSO EMILIO FERREIRO

ESCOLMA POÉTICA

**Trece poemas en cada libro,
 trece poemas como trece lúas,
 como os trece meses do calendario lunar.**

Celso Emilio Ferreiro plasmou na súa obra poética o seu xeito de contemplar o mundo: comprometido, rebelde, crítico, mais tamén sensible, solidario, vangardista. Esta escolma reúne os versos máis senlleiros publicados en "Longa Noite de Pedra", "Viaxe ao país dos ananos" e "Onde o mundo se chama Celanova". Cada un deles pertence a unha época da súa vida: baixo a ditadura franquista, pola que estivo perseguido; no exilio, onde criticou a perda de identidade da colectividade galega no exterior; e a súa etapa en Madrid, onde a súa terra foi máis que nunca o seu punto de referencia vital.

Baldo Ramos presenta, a partir de cada poema, a súa visión persoal do que transmiten os versos; de estilo surrealista, formato caligráfico, unha mestura cromática na que contrastan negro, branco, vermello, amarelo, lila, granate... Poesía visual que FAKTORÍA K recomenda ler pausadamente, reflexionar, saborear... e contemplar placidamente sobre un atril para que o halo de misterio das trece lúas inunde o espírito do lector.



- **Temática:** escolma -13 poemas- da obra poética de Celso Emilio Ferreiro
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións de estilo surrealista e contraste cromático creadas a partir da lectura de cada poema
- **Índice poético:** Modestia fora - Nº 13
 - Longa noite de pedra - Irmáus - Viaxeiro
 - Monólogo do vello traballador - Deitado fronte ao mar - Son un pasmón - María Soliña - Inverno - Digo viet nam e basta
 - Xaneiro 1972, II - Eiquí será

CELSO EMILIO FERREIRO (Celanova, 1912 - Vigo, 1979)

Estudou Dereito en Santiago e Oviedo. Na súa xuventude destacou polo activo compromiso político que mantivo, parello ao seu labor literario. En 1948 fundou en Pontevedra a colección de poesía Benito Soto. Ao ano seguinte instalouse en Vigo e empezou a publicar a súa obra poética, entre a que destacan títulos como "O soño asulagado" e "Longa noite de pedra", convertida nun símbolo da corrente socialrealista. En 1966 exiliouse en Venezuela, onde publicou títulos de tono satírico como "Viaxe ao país dos ananos" e "Cantigas de escarnio e maldicir". Regresou a España en 1973; desa época son poemarios como "Onde o mundo se chama Celanova". Os dous únicos libros de narrativa son "A fronteira infinda" (1972) -que FAKTORÍA K publicou en castelán- e "A taberna do galo" (1978). Dirixiu a Aula de Cultura Galega no Ateneo de Madrid e colaborou co diario ABC como crítico literario. O seu legado literario mereceu que se lle adicara o Día das Letras Galegas en 1989.

BALDO RAMOS (Celanova, 1971)

Poeta, profesor e artista plástico. Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago, actualmente exerce como profesor de Lingua e Literatura Española no instituto de Valga (Pontevedra). A súa obra afonda na relación entre poesía e pintura, e froito desa fusión ten publicado varios libros de autor e poemarios. Recibiu os premios Arcipreste de Hita, María del Villar Berruezo, Concello de Carral, Rosalía de Castro, Ciudad de Tobarra, Celso Emilio Ferreiro, e accésit no IV Certame de Poesía Iberoamericana Víctor Jara. O seu traballo artístico expúxose en diversas galerías e serviu para ilustrar libros e revistas.